

~ Fillo Predilecto ~

Xermolo bravo de pronta enxebre,
Enxendo bricio en lar labrego.
Socastro ferce do ilustre crego.
Un home bo e de moito calentro
Seminario, do saber alicerce,
Músico, comunicador experto,
Amañaria un apóstol dilecto
Kanto na aldea como na cidade.
O título de Fillo Predilecto

É sobranceiro home do Concello
Moito honra ó Alcalde e ao pobo
Amañes dos valores auténticos.
Tera Paradela entre os eventos
O vintecinco de Xuño, dous mil cincos

En agasimmo Manolo

MATO, FILLO PREDILECTO DE PARADELA

Episodio 1

Cando D. Xesús aterrizou en Lalín, esa é a palabra exacta, ya que en Lalín naceu Joaquín Loriga, un dos pioneiros da aeronáutica mundial, eu tiña máis pelo, i-él non-o tiña branco.

Era casi un neno. Recén saído do Seminario, e moi pouca experien-
cia como crego; eu diría que ningunha.

Pero, alén do seu afán e entusiamo, traía unsaco de ideas, xuven-
tude, e unha ilusión e xovialidade desbordante, capaz de cambia-
lo mundo, e más unha pacata vila dormida e sumida nun letargo de
tradicións caciquís e absorventes,

Hoxe, dise que, ca chegada dos novos políticos, e co afán de novos
e creadores empresarios, sobre todo da Moda Galega, -avezados
empreendedores, Lalín é unha das vilas más prósperas, florecen-
tes e envexadas do futuro de Galicia.

A súa transformación é patente nas derradeiras décadas, convertín-
dose nun exemplo fabril e próspero.

Pero a súa primeira revolución foron nos felices 60, ca chegada
de Mato a Lalín. A Vila abigarrada, de vello costumismo pacato, --
paseos, e cine ós domingos-- despertou co contacto do novo crego
coa xuventude; coa instalación, na Casa Rectoral da Emisora Par-
roquial "A Voz do Deza", comunicándose e vencellándose as parro-
quias, creándose festivais benéficos para recolleitas de Nadal,
Reises e outras necesidades, incremetándose os actos e difundín-
doce os actos culturais, coa fundación da Coral Polifónica, con
ámeto de difusión por distintos puntos de España e Portugal,
sendo, quizais, a primeira e importantísima laboura musical do
cura Mato.

A Casa Rectoral, pasou a ser un Salón de reunións e convivencias.
O crego achegábase a xente e facíase imprescindible.
Así comenzou en Lalín o gran cambio, no por forza de políticos de
hoxe, simplesmente porque un home fráxil, cheo de ideas, e farto
de ilusión ía cambear, trocar o rumo dunha paca Vila, dormida no

Muyu
solpor dos tempos, na nugalla de que nunca fixo nada, e que pre-
cisaba que unha man chegara para espertala dun penoso e longo
sono de pedra.

Episodio II

Tuvén problemas para definir a laboura de Xesús Mato.
Tantos foron os seus oficios, que non sabía moito onde enmarcalo
de cara a súas multiples facetas, pese a convivir con él na Casa
Diocesana durante un montón de anos.

Pero mira ahí que sempre aparece un intre(ou un desliz que che
vai dar unha pista.

O sol era tórrido e canicular, en pleno cenit de xullo, e o Xesús
andaba por Roma.

Nas vías da capital cristiana do orbe non había un alma. O Xesús quedara citado ás catro, ~~unhas~~^{tráxeas} cregos que o acompañaban, Alfonso García (se mal non recordo) e Alfonso Mato, que pese o apellido coincidir, non son da familia.

Cando o Xesús se asomou á porta entreabreindoa, ^{unha} morea inxente de cabezas e ^{unha} ruido espléndido de voces, ensordecedor.

Oteou por riba das cabeza e non-os topou. Cando fixo un ademán de irse, un berro --estilo Lalín-- reclamouno:

--Mato, Mato...

Aquel ruido ensordecedor enmudeceu no salón, de tal xeito que nin sequera se escotaba o respirar dos refrescos de burbuxas.

De pronto, dunha outra esquina, ^{unha} voz burlona replicou interro-gante:

-- Mai... qui e Mato...?

Ufano, agradecido, atopado por unha multituden sedenta, o Xesús sacou peito, puxo en funcionamento toda a súa sapiencia na lingua de DANTE, unhas 54 palabra ~~polo~~ ^{for} menos e respos^{tar} con tres ben liga-das:

--Mato sono io.

Quebrouse o silencio e estalaron risas e aplausos.

Mato acababa de confirmarnos, de darnos a coñecer --nunca me-llor dito, "urbi et orbe" a súas señas de identidade:

--Eu son o tolo.

O tolo, o Quixote: tolemia cos minusválidos en Auxilia, de Apoio os conductores como Delegado Diocesano da Carretera, Tolemia cos enfermos, con Cáritas, cos desvalidos e os necesitados, ~~coa unha~~
~~de fixan os veus~~, ~~a queulla~~, ~~despois~~.

Foi, precisamente en Roma, onde se doctorou en entrega ós demais como outro tolo, o Pioverello de Asís.

Ahora xa sabía como definilo, él mesmo, sin querelo, o dixo:

- Eu son o tolo

Benditas tolemias polo que tanto te admiramos, ~~poco que fai~~
~~te querem~~

Epílogo

E chegou a hora da miña venganza.

De tanto coñecernos, de tanto vivir xuntos eu cheguei a sentir unha certa dependencia.

Cando comenzaron da man de meu padriño en mentor, Tapero Paardo, as miñas colaboracións da "Palabra intrancendente" no Progre-so, a xente pensaba que era o Mato con seudónimo. Cando me tras-pasou o seu programa das 6 da tarde, "O Anxeliño", que non daba atendido debido a súa múltiples ocupacións, a xente seguía pensar o escribía él. Candio un cura ou otra xente precisaba dunha colaboración para unha revista, ou dunha entrevista para xuntar cartos para rematar unha obra parroquial, xa non

falaban conmigo. El era o meu axente^{el}, era o meu "alter ego" i-eo seu clon. Por eso creo de xustiza, reclamar a metade do nomeamento de Fillo Predilecto de Paradela, para míñ.

Pero, en vista da cara de sorpresa que Uds. poñen, vamos deixa-la causa así, porque penso que nunca mereceu persoa algunha unha homaxe tan querida, significada, e xustificada como ésta. Polo tanto, para él todo honor o toda gloria.

Sigo sintido, querido Mato, pese as circunstancias, que polo meu traballo, un día aquí e outro no cabo do mundo, tódolo cariño, tódala admiración que sempre sentín por ti. *le non podre per una mais fríamente, mas sinceramente,*

E admiro a túa tolemia, pola música, polo que fas polos demais e porque, cando te conocín --ainda que eu tiña todo o pelo, e tí non-no tiñas branco xa tiñas a vosntade de traballo, e a ilusión que sempre foi contigo.

E se algo admiro mais e como corroborache, en Roma, algo que te define de verdade: a túa tolemia.

E, de alquen coma tí, dixo a más insigne dos poetas galegos, unha muller fráxil, chea de sentimento, e mestra do romanticismo "hay dos que levan na frente unha estrela e no bico un cantar".

Noraboa por este homenaxe, e que sean todos testemunhas a admirot e quérote, por iso mesmo, porque eres un que derruba muiños e xigantes en prol de axudar ós demais. Que Deus te abenzoe, irmán, irmán/amigo.

Tolo (Mato en italiano)

MATO e AUXILIA

AUXILIA e MATO

Marisol Bravos

Paradela, 25/06/05

Hoxe non podía faltar aquí a voz de Auxilia, a Asociación que Mato botou a andar alá polo ano 1972 cando falar dunha persoa con discapacidade non estaba moi ben visto ou, cando menos, resultaba raro e pouco habitual. Iniciouse así unha aventura que arrastrou a moita xente.

Eu vou a falar da primeira etapa de Mato en Auxilia, quizais a máis descoñecida. El sabe que me gustaría más facelo sen papeis; pero para a súa colección vou facer este pequeníño esforzo de darlo por escrito. Simplemente unhas pinceladas.

De todos é coñecida a súa variada actividade, pero case me atrevo a asegurar que se tivese que elexir, de seguro, que Auxilia sería unha das súas preferidas por a dimensión humana, porque onde un pensa que só vai a dar, resulta que sae máis enriquecido. A mirada dunha persoa marxinada non deixa indiferente e Mato ten experiencias de sobra.

No ano 72, pon a primeira pedra dunha loita que áinda continúa. Empezou nunha Asociación que se chamaba Frater máis ligada á Igrexa. Ao pouco tempo coñeceu Auxilia e gustoulle por ser más aberta. Un detalle curioso e significativo. Daquela época son os primeiros censos, difíciles de facer porque os minusválidos estaban encerrados nas súas casas. Tamén son os primeiros cartos do premio de Fuxan os Ventos en Mondoñedo (25.000,- ptas para unhas guitarras e as outras 25.000.- para Auxilia). Dous anos máis tarde celébrase Minusval 74 a iniciativa dalgúns utópicos e emprendedores, entre eles Mato, que se plantan ante a Administración chegando a reunir no palacio de congresos de Madrid máis de 2000 persoas baixo o lema "A sociedade e o minusválido. Unha actitude a cambiar". Segue sendo necesario cambiar esa actitude.

Aínda así, con ese feito tan rimbombante no que curiosamente non había minusválidos, eran outros tempos e a relación cos eles era paternalista, de compaixón. Claro, como se ía pensar que tamén tiñan dereitos... Eu coñecín a Mato xa integrada na sociedade. Fun a súa continuadora na coordinación de Auxilia e quero destacar o seguinte: Soubo pasar dunha actitude paternalista que tanto molesta (sei do que estou a falar...) a unha actitude solidaria. De "traballar para"... pasou a "traballar con".... Son matices distintos.

O Local Social, polo que tanto loitou, nalgúns momentos pasou a ser a súa segunda casa. Alí estaba traballando, recibindo a xente... Era un veciño máis do barrio. Daquela época temos a imaxe de velo rodeado de cinseiros que ambientaban o Local; por certo poucas veces se acordaba de baleiralos. Nalgún momento ocorréuseme definilo como "chico dos recados" co que queda sobradamente demostrada a súa dispoñibilidade, porque tanto ía a correos, a facer unha xestión oficial ou calquera encargo. Digamos que era un todoterreo.

Para Mato o tema económico sempre foi secundario. O importante eran as ideas. Auxilia nunca alardeou de medios económicos e sempre saíu de calquera das actividades que se organizaron sen problemas. Sempre dicía: os

cartos xa aparecerán. Por iso se entende facilmente o seu descontento ante o movemento asociativo actual en que todo se xestiona con cartos. As ideas son o de menos. Aquí temos o Mato na súa faceta reivindicativa, falábase con quen fixese falta, había que dar a cara e dábase.

Quero mencionar tamén o apartado da ingratitudo. Sabe o que foi volcarse con persoas, con nomes e apelidos, que logo non foron capaces nin de mirar atrás. Nunca se lamentou e sempre estaba disposto a escutar. A veces ata tiña lista de espera. Nas colonias de verán fixose famosa unha expresión súa. Dicía "vou abrir a tenda".

Nunha reunión alguén o definiu como "servizo sobre rodas" e efectivamente así é. Penso que representou o primeiro taxi, imos a dicir semiadaptado... Cos seus 127 facía moitos desprazamentos dos minusválidos. Creo que naquel momento tamén tomou a determinación de non comprar coches de tres portas porque habilitar ao cliente e a silla non lle resultaba fácil. Dicir tamén como anécdota que, de vez en cando, poñía o lateral da cadeira de rodas enriba do coche e logo arrancaba. Xa se poden supoñer as sorpresas cando chegaba ao destino.

Deixaría de ser eu se non fago mención ao seu "desorde organizado". Estarán de acordo comigo en que é difícil ver a Mato, vaia onde vaia, sen unha carpeta. O problema é que en cada unha vai acumulando de todo. Cando fixemos o traspaso na coordinación de Auxilia foi toda unha odisea para mim que son más cabeza cadrada, porque a carpeta de Reunións, por exemplo, non quería decir que alí non houbera tamén cousas de Fuxan os Ventos, de Radio Popular... El sabía moi ben o que tiña, agora tratábase de indagar onde. Así é Mato. Embarullado, pero eficaz.

A celebración do XXV Aniversario de Auxilia obrigounos a revisar todos os nosos arquivos materiais e mentais para facer o libro "Por un Lugo sen barreiras". Así quedou constancia das colonias de verán, os festivais Operación Sol, as campañas de mentalización e mesas redondas, as convivencias e excursións, as exposicións de pintura e artesanía, as actividades cos nenos e o deporte, os cursiños de voluntariado, os boletíns informativos... Fago este pequeno resumo porque en todas estas actividades puxo a súa impronta Mato.

Foron tantas cousas, tantas vivencias, tantas anécdotas... Seguro que lembra: Cantas viaxes e reunións representando ao noso Lugo! Cantas veces nadando contra corrente porque as cidades de máis asfalto non entendían o noso falar do mundo rural! Cantos proxectos, dificultades...! Cantas discusións e cabreos case sempre por pequenas matizacíons de orde e organización! Aqueles anos en que compartimos a misa que se transmitía por Radio Popular para os enfermos e os minusválidos. Os programas de radio "Unha man amiga". As miñas charlas testimoniais na súa querida montaña, etc, etc.

Remato. En nome das persoas con discapacidade e das súas familias grazas Mato e Noraboa por esta distinción.

Testemuña dos veciños/as de Hospital da Condesa (Pedrafita do Cebreiro)

Nós, veciños e veciñas destes pobos da montaña lucense, temos tamén unha palabra que dicir aquí, porque convivimos durante 23 anos con Xesús Mato, sacerdote destas parroquias e un amigo para todos.

O noso coñecemento foi nos anos 80 cando veu a facer suplencias nesta zona. Esto fixo que chegado o momento, decidíramos pedilo ó Señor Bispo, pois vimos que era a persoa axeitada para vivir un novo estilo de Igrexa que estabamos empezando a descubrir e agradecemoslle que tivera en conta a nosa solicitude. Xesús Mato soubo acompañarnos e facerse un de nós, comunicándonos a súa experiencia e saber, valorando e potenciando sempre a nosa fala e a nosa cultura, tratando de recuperar as festas tradicionais, como os Reises no Nadal, despois de 40 anos esquecidos. Animou moito a vida deste pobos traendo grupos de teatro, música e todo o que puidera enriquecer e alegrar a todos, especialmente ós vellos.

Sentímolo sempre comprensivo e cercano, moi aberto a todos, ganándose axiña a confianza do pobo.

El axudounos a descubrir un pouco máis a Deus, como un Pai que nos quere e perdoa, As celebracións relixiosas vivímos coma unha xuntanza de irmáns, potenciando especialmente a Semana Santa e facendo da vixilia pascual unha festa para toda a zona.

Vémolo sempre disposto a servir e colaborar gratuitamente. A pesares das moitas dificultades do clima no inverno, mantívose sempre fiel as misas dominicais, ainda que as veces á xente non valoraba todo o que esto lle podía supoñer.

GRACIAS Mato, por todo o que recibimos de ti e noraboa por este recoñecemento ó que todos e todas nós queremos unirnos e festexar.